

REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DA MOCIDADE DO CONCELO DE SANTIAGO

Aprobado por acordo plenario do 31 de maio de 2001.

Publicado no BOP de A Coruña o 21 de novembro de 2001.

ARTIGO 1.- FINALIDADE

O Consello Municipal da Mocidade de Santiago de Compostela configúrase como un organismo de asesoramento, consulta, proposta e participación da mocidade no ámbito territorial do municipio.

ARTIGO 2.- COMPETENCIAS

1. O Consello Municipal da Mocidade será consultado polo Concello sobre as cuestións relacionadas coa mocidade compostelá.

2. De acordo co seu carácter esencialmente participativo e a finalidade prevista no artigo anterior, a actuación do Consello Municipal da Mocidade referirase ás seguintes cuestións:

- a) Ser espazo de encontro e coordinación entre o Concello de Santiago de Compostela e a realidade asociativa do municipio.
- b) Promover o coñecemento mutuo e o debate entre as diversas entidades xuvenís nos ámbitos que lle son propios: emprego, uso de espazos, orientación profesional, saúde, cultura, deporte, educación, lecer, entre outros.
- c) Servir de canle de mediación cos organismos públicos e privados en asuntos de interese común para a mocidade.
- d) Analizar as súas necesidades e demandas para propoñer respostas desde a administración local.
- e) Propoñer actuacións e acordos entre as distintas áreas municipais e a calquera institución que incida coas súas accións no sector xuvenil.
- f) Promover o asociacionismo xuvenil no municipio de Santiago de Compostela.
- g) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a mocidade lle sexa consultado.

ARTIGO 3.- COMPOSICIÓN

1. O Consello Municipal da Mocidade estará integrado polos seguintes membros:

- a) Presidente/a: o alcalde ou membro da corporación en quen delegue.
- b) Vicepresidente: será elixido entre os membros dos colectivos xuvenís.
- c) O/a secretario/a do Concello ou funcionario/a público/a en quen delegue.
- d) Un/unha representante de cada grupo político con presenza na corporación municipal
- e) Oito representantes das asociacións xuvenís, menores de trinta anos, elixidos de entre as que estean inscritas como tales no Rexistro Municipal de Asociacións.
- f) Dous representantes propostos polos/as representantes de alumnos/as dos consellos escolares existentes no municipio.
- g) Un membro escollido entre a rede de puntos de información xuvenil.

ARTIGO 4 .- ORGANIZACIÓN

1. O Consello Municipal da Mocidade reunirse en Pleno.

2. Así mesmo, o Pleno poderá acordar a constitución de comisións de traballo que terán por finalidade a elaboración, estudo, dictame e programación das competencias deste Consello.

ARTIGO 5 .- O PLENO DO CONSELLO

1. O Pleno é o órgano superior do Consello Municipal da Mocidade. Está composto polos membros sinalados no artigo 3.

O Pleno do Consello reunirse en sesión ordinaria con periodicidade trimestral. Tamén se reunirá en sesión extraordinaria cando o decida o/a presidente/a ou cando o solicite a terceira parte dos seus membros.

2. *As sesións do Pleno do Consello serán convocadas polo/a presidente/a, cunha antelación mínima de cinco días. O Departamento de Educación e Mocidade*

porá a disposición dos membros do Consello a documentación necesaria para o axeitado desenvolvemento das súas tarefas. A convocatoria conterà a orde do día da sesión e achegarase o borrador da acta da sesión anterior. A orde do día será elaborada polo/a presidente/a.

As sesións extraordinarias serán convocadas no prazo máximo de tres días hábiles desde a entrada no Rexistro Municipal. O Consello extraordinario deberá realizarse nun prazo máximo de vinte días a contar desde o momento da convocatoria, salvo caso de forza maior.

3. As sesións terán lugar en primeira convocatoria cando concorran máis da metade dos membros que legalmente compoñen o Consello e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, se concorre, cando menos, a súa terceira parte. Requírese, en todo caso, a presenza do/a presidente/a e do secretario/a.

4. As actas do Consello Municipal da Mocidade terán carácter de documento público e transcribíranse despois da súa aprobación no libro correspondente, co selo do Consello Municipal da Mocidade e a sinatura do presidente/a e do/a secretario/a.

5. Os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, terá lugar unha segunda votación e, de reproducirse o empate, decidirá o voto de calidade do presidente. O voto é persoal e indelegable.

ARTIGO 6.- O/A PRESIDENTE/A

- 1- O/a presidente/a do Consello Municipal de Mocidade é o alcalde ou alcaldesa do Concello, ou concelleiro/a en quen delegue.
- 2- Son funcións do/a presidente/a:
 - a) Representar ao Consello Municipal.
 - b) Preparar a orde do día
 - c) Convocar e presidir as sesións ordinarias e extraordinarias e decidir os empates co seu voto de calidade.
 - d) Executar os acordos do consello.

- e) Resolver o que corresponda en asuntos da competencia do Consello que non se atribúen expresamente ao Pleno do Consello.

ARTIGO 7.- DO/A VICEPRESIDENTE/A

O/a vicepresidente/a será elixido entre os membros dos colectivos xuvenís que forman parte deste Consello na súa primeira sesión despois de se constituír.

Para ser elixido/a vicepresidente/a requírese a maioría absoluta dos votos dos/das conselleiros/as na primeira votación, e por maioría simple na segunda votación.

O Vicepresidente non substituirá ao presidente nas súas funcións de dirección.

As súas funcións son:

- a) Desempeñar as tarefas que lle delegue o/a presidente/a.
- b) Servir de transmisor dos acordos do Consello ás asociacións xuvenís.
- c) Exercer as responsabilidades de coordinación e preparación de asuntos e propostas para o seu tratamento nas sesións do organismo.

ARTIGO 8.- DO/A SECRETARIO/A

1. O/a secretario/a do Consello Municipal de Mocidade será o do concello ou o funcionario/a público en quen delegue.
2. As funcións do/a secretario/a comprenden o asesoramento legal do Consello, a fe pública de todos os actos e a preparación dos expedientes e asuntos que vaian ser obxecto de decisión.

ARTIGO 9.- SEDE

A sede e lugar de reunións do Consello Municipal de Mocidade será, en principio, o Concello de Santiago.

ARTIGO 10.- DAS COMISIÓNS DE TRABALLO

O Pleno do Consello Municipal de Mocidade poderá acordar a constitución de comisións de traballo, con carácter

temporal ou permanente, segundo os seus intereses, necesidades e posibilidades.

Así mesmo, elixirá os/as coordinadores/as das comisións. Serán competencias do/a coordinador/a impulsar e coordinar as actuacións da comisión correspondente así como exercer a súa representación.

As comisións de traballo elaborarán informes, estudos e propostas de actuación nas materias competencia do Consello.

Poderán participar aquelas persoas que sexan requiridas polo Consello, para emitir informe técnico, achegar ideas ou formular cuestións que lles afecten directamente a eles ou ao colectivo a quen representen.

ARTIGO 11.- ELECCIÓN DOS/DAS CONSELLEIROS/AS

Os/as integrantes do Consello Municipal que forman parte da corporación municipal serán renovados/as cada catro anos.

Os/as representantes xuvenís serán renovados/as cada dous anos.

En caso de que se produzan cambios internos na directiva das asociacións representadas no Consello, deberán ser renovados coa maior brevidade posíbel.

ARTIGO 12.- EXTINCIÓN DO NOMEAMENTO

O nomeamento extinguirase por:

- ? Revogación por parte da entidade que o sustenta.
- ? Falecemento ou incapacitación.
- ? Renuncia expresa e escrita da persoa presentada diante do Consello.
- ? Por non asistencia xustificada a tres xuntanzas ordinarias consecutivas e a cinco alternas ao cabo dun ano.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA

O Consello Municipal da Mocidade aprobará a súa composición, que será posteriormente ratificada polo Pleno da Corporación Municipal.

Así mesmo, aprobará o seu calendario anual de sesións ordinarias.

SEGUNDA

O Consello Municipal da Mocidade aprobará en versión definitiva o regulamento de réxime interno na súa sesión de constitución.

TERCEIRA

O Concello dotará dos medios necesarios a este Consello para o desenvolvemento dos seus labores.

CUARTA

O Consello elaborará anualmente un informe da súa actuación.